



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 22 DE MARZO DE 2019

2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á autorización da cesión da praza nº 13 do aparcamento da rúa Romero Donallo. Apróbase a proposta.

3.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á inadmisión dunha solicitude de revisión de nulidade de pleno dereito nunha liquidación do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana (Plusvalía). Apróbase a proposta.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía relativa á apertura de prazos de reserva de praza, solicitudes de admisión e matrícula na Escola Municipal de Música para o curso escolar 2019-2020. Apróbase a proposta.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía relativa á aprobación da liquidación do programa de Conciliación de Nadal 2018. Apróbase a proposta.

6.- Proposta da concelleira delegada de Desenvolvemento Económico relativa á desestimación dun recurso de reposición interposto contra o acordo da sesión de 30.12.16, de concesión e pagamento de axudas para reforma de locais de negocio, implantación de TICs e incorporación de innovacións no sector comercial, ano 2016. Apróbase a proposta.

7.- Dar conta pola alcaldía da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello e a sociedade mercantil estatal AGUAS DE LAS CUENCAS DE ESPAÑA, SA para financiamento dos custes incorridos no procedemento de diálogo competitivo para a determinación do proxecto de construción e explotación da depuradora de augas residuais de Silvouta. Dáse conta

URXENCIAS

1.-Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á devolución da fianza do “Servizo de implementación do programa municipal de apoio para a inclusión social”. Apróbase a proposta

2.-Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á devolución da fianza relativa ao contrato “Servizo de coordinación e dinamización do proceso de orzamentos participativos Compostela Decide. Ano 2018”. Apróbase a proposta.

3.-Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aprobación do expediente e apertura do procedemento de adxudicación do “Servizo para o desenvolvemento do xeoportai/IDE do Concello de Santiago”. Acórdase a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto simplificado, establecéndose un tipo de licitación de 36.300 euros, IVE incluído.

4.-Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para a instalación de ascensor en edificio de vivendas da rúa de García Lorca, nº10. Apróbase a licenza.

5.-Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para instalación dun ascensor no inmoble situado na praza de Salvador Parga, sede do Conservatorio Histórico, Ateneo de Santiago e da Real Sociedad Económica de Amigos del País. Apróbase a licenza.

6.-Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para rehabilitación de vivenda situada na rúa de Meixonfrío. Apróbase a licenza.

7.-Proposta de alcaldía para dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello e Orange España para o proxecto de “realidade mellorada e información enriquecida para o turista”. Dáse conta

8.-Proposta de alcaldía relativa á aprobación da conta xustificativa da execución do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago para o financiamento da III Edición Fairway-Forum do Camiño de Santiago 2019. Apróbase a proposta.